

## CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Data:** Xoves, 9 de marzo de 2023  
**Hora de comezo:** 11:00 horas  
**Reunión:** 9/2023

### **CONVOCADOS:**

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

#### **Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG.
- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 2 de marzo de 2023 (Reunión 8/2023).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento, xestión e execución do programa Depotermal 2023. (Expte.- 2022060754).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 "Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures" do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.- 2022074878).
4. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe transversal no P.Q. 1+350 na E.P. 9601 Vilagarcía-Cea-Castrogundín (Concello de Vilagarcía de Arousa). (Expte.- 2022072777).
5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil

- na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)". (Expte.- 2022047518).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)". (Expte.- 2022047518).
  7. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2022072776).
  8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rehabilitación da rede de pluviais na E.P. 2103 Priegue-Prado, P.Q. 0+000 ao 1+170 (Concello de Nigrán)" (Expte.- 2022072776).
  9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.- 2022070076).
  10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza do programa Depoaventura 2023. (Expte.- 2022070076).
  11. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058144).
  12. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058144).
  13. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022058142).
  14. Apertura electrónica do sobre "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe. (Expte.- 2022058142).

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.